Analizando a **evolución dos resultados** obtidos en cada convocatoria obsérvase, nos gráficos 3 e 4, que entre a segunda e a terceira convocatoria hai un claro incremento de seguimentos conformes.



Gráfico 3: Resultados por convocatoria.



Gráfico 4: Resultados das convocatorias 2012 e 2013 e tipo de ensinanza.

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

XUNTA DE GALICIA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Universidade Vigo

acsug@acsug.es
www.acsug.es

Lamas de Abade, s/n
Edif. CIFP Compostela 5ª Planta
15702 Santiago de Compostela

SEGUIMENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER



ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia), a través do proceso de seguimento, leva a cabo a análise do cumprimento do proxecto contido no plan de estudos dos títulos oficiais do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Garantir que o título está a ter un proceso de seguimento adecuado contribúe á renovación da súa acreditación. Para iso, a universidade realiza un informe de seguimento anual de cada un dos seus títulos e a ACSUG fai, como mínimo, un seguimento de cada título dentro do período comprendido entre a súa verificación e o momento en que debe someterse á avaliación para renovar a súa acreditación.

Para o desenvolvemento deste proceso, a ACSUG conta co apoio de comisións de avaliación formadas por expertos externos de recoñecido prestixio, seguindo os criterios de nomeamento establecidos, para o efecto, pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) (táboa 1).

RAMA	Comisións de Avaliación					TOTAL
	Presidente/a	Vogais Académicos	Vogais Profesionais	Vogais Estudantes	Secretario/a	
Artes e Humanidades	1	2	1	2	1	**7**
Ciencias	1	3	3	2	1	**10**
Ciencias da Saúde	1	5	2	2	1	**11**
Ciencias Sociais e Xurídicas	1	4	1	3	1	**10**
Enxeñaría e Arquitectura	1	4	3	2	1	**11**
TOTAL	**5**	**18**	**10**	**11**	**5**	**49**

Táboa 1: Composición das comisións de avaliación.

Ata o momento realizáronse tres convocatorias do proceso de seguimento nos anos 2011, 2012 e 2013, a primeira como experiencia piloto.

Dos **345 títulos** de grao e máster verificados no SUG, ACSUG realizou o **seguimento de 291**, distribuídos segundo se indica na táboa 2.

		2011				2012				2013			
RAMA	CICLO	UDC	USC	UVI	TOTAL	UDC	USC	UVI	TOTAL	UDC	USC	UVI	TOTAL
Artes e Humanidades	**Grao**	0	0	1	**1**	2	9	5	**16**	5	8	4	**17**
	Máster	0	0	0	**0**	1	7	7	**15**	2	3	2	**7**
Ciencias	**Grao**	0	1	1	**2**	1	4	4	**9**	2	3	4	**9**
	Máster	0	0	0	**0**	1	12	5	**18**	0	0	3	**3**
Ciencias da Saúde	**Grao**	1	0	0	**1**	4	2	2	**8**	4	2	2	**8**
	Máster	0	0	0	**0**	3	8	1	**12**	0	2	0	**2**
Ciencias Sociais e Xurídicas	**Grao**	1	1	0	**2**	8	9	5	**22**	11	8	13	**32**
	Máster	1	0	1	**2**	8	16	18	**42**	1	2	4	**7**
Enxeñaría e Arquitectura	**Grao**	0	0	0	**0**	8	3	5	**16**	2	1	1	**4**
	Máster	0	0	1	**1**	6	7	17	**30**	1	3	1	**5**
TOTAL		3	2	4	**9**	42	77	69	**188**	28	32	34	**94**

Táboa 2: Número de títulos obxecto de seguimento por convocatoria e rama de coñecemento

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

RESULTADOS DO PROCESO DE SEGUIMENTO:

No gráfico 1 obsérvase que se realizou un maior número de seguimentos na rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas, estando en consonancia co número de títulos existentes nesta rama no SUG.



Gráfico 1: Títulos obxecto de seguimento nas tres convocatorias.

No gráfico 2 obsérvase que existe un maior número de conformes en títulos de grao que en títulos de máster, en todas as ramas de coñecemento.



Gráfico 2: Resultados por rama de coñecemento e tipo de ensinanza.